

IV CROS VILA DE RIBADAVIA

24/01/2026

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

O Concello de Ribadavia e a Federación Galega de Atletismo organizan o domingo, 24 de xaneiro de 2026 o **IV Cros Vila de Ribadavia** que desenvolverá na Área Recreativa de A Veronza.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar no IV Cros Vila de Ribadavia todas as persoas nadas no ano 2008 e anteriores, tanto con licenza federativa en vigor como sen ela, sempre que realicen correctamente a súa inscrición e acepten o presente regulamento.

3. INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse a través da páxina web carreirasgalegas.com, facendo constar correctamente todos os datos requiridos no procedemento.

3.1 Prazo de inscrición

O prazo de inscrición permanecerá aberto desde a data de publicación oficial por parte da organización ata o día 19 de xaneiro de 2026, incluído.

3.2 Cota de inscrición

Cota de inscrición: 3€

3.3 Recollida de dorsais – chips

A Recollida de dorsais e chips realizarase na carpa da organización situada a tal efecto na Área Recreativa de A Veronza, ata 30' antes da carreira

4. DISTANCIAS E HORARIOS

APERTURA CÁMARA DE CHAMADAS	PECHE CÁMARA DE CHAMADAS	HORA SAÍDA	CATEGORÍA	DISTANCIA APROXIMADA	PECHE CONTROL
10:05	10:20	10:30	ABSOLUTA HOMES	5.000 m.	30 min.
10:35	10:50	11:00	ABSOLUTA MULLERES	5.000 m.	40 min.

5. CONTROL E CRONOMETRAXE

A carreira estará baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo e do Comité Galego de Xuíces.

A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chip – dorsal.

6. CLASIFICACIÓN

Confeccionarase unha clasificación para a categoría Absoluta Homes e unha para a categoría Absoluta Mulleres.

7. NORMATIVA

Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da FGA, RFEA e WA.

8. DEREITOS DE IMAXE

Coa realización da inscrición, toda persoa participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que poderá utilizar as fotografías, gravacións e calquera outra reprodución audiovisual da carreira nas que apareza individualmente ou en grupo.

Estas imaxes poderán empregarse en clasificacións, medios de comunicación, internet e materiais de promoción do evento, sen dereito a contraprestación económica algunha e sempre de acordo coa normativa vixente.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos facilitados no proceso de inscrición serán tratados pola organización coa finalidade de xestionar a participación na proba, elaborar clasificacións, xestionar seguros e difundir resultados.

Mediante a inscrición, o/a corredor/a consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos á compañía aseguradora para a tramitación dos seguros obrigatorios de accidentes deportivos e de responsabilidade civil.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Praza Agustín Díaz s/n, 15008 A Coruña.